



Cantareas e Refrães



Louro, 1995



Introducción

Este libriño-folleto pretende ser unha pequena antoloxía de cantareas populares desta zona e unha mostra de sabiduría popular reflexada nos ditos e refráns.

Tódalas culturas manteñen desde tempos esquecidos coplas e cantares na súa memoria, que non se aprenderon en ningún libro porque en ningún foron escritas. Son coplas e cantares propios e específicos de cada lugar, que fan referencia a xentes ou a feitos concretos e hainos tamén de esquema coñecido que se van enchendo logo do contido apropiado a cada sitio.

En calquera caso, se hoxe aínda se recordan, é gracias á memoria de quen os aprendeu dos seus maiores e os foi transmitindo ós seus descendentes.

Moitas das persoas que collades este libro, mellor que nós sabedes o importante papel que tiñan na relación entre as xentes e os lugares. Eran formas máis ou menos humorísticas de comunicación. Formaban parte do tempo de lecer, de festas, descansos no traballo, de acontecementos sociais: vodas, amoríos...

Con elas moita xente expresou os seus sentimentos e con elas a cultura do noso pobo seguiu viva en tempos para ela mortos.

Esta pequena mostra de cantareas e refráns foi recollida polo alumnado do Colexio Público de Louro e están transcritas con variantes léxicas e morfolóxico-sintácticas desta zona; quedounos sen transcribir o seseo e a gheada, algo tan noso, máis por falta de signos gráficos que os representen que por outra razón. Así, onde apareza o son “z” deberá lerse “s” e onde apareza “g” deberá lerse “gh”.

Agradecemos a colaboración de todas aquelas persoas que coa súa axuda fixeron posible esta pequena recopilación. Somos sabedores de que moitos outros cantares e refráns quedan aínda na súa memoria e contamos con elas para completar no futuro este traballo.



—Eu se canto, fago ben;
canto coa miña gorxa,
non canto coa de ninguén.

—Bailador que estás bailando
te-las cirolas rachadas;
sal do baile, bailador,
vaille dar unha puntadas.

—O lugariño de Louro
de lonxe parece vila;
ten un caravel na entrada
e unha rosa na saída.



LUGARES E XENTES

—Adeus Muros, adeus Muros,
ben te podes alabar;
Santiago, con ser Santiago
non ten porto nin ten mar.

—Os de Lira lirachos;
os de Lariño, pisudos;
os de Muros, muradanos
e os de Louro “cojonudos”.

—Ben te vexo, Monte Louro,
ben te vexo verdexar;
ben te vexo, Monte Louro,
alá no medio do mar.

—Se o mar se volvera leite
e Monte Louro boroa,
¡que aí habían de comer
os galdrupeiros de Noia!

—Santo Cristo de Fisterra
ten a pistola de ouro,
para matar ós de Muros
por riba de Monte Louro.

—Se te casas en Galicia
e te guía boa estrela,
o oficio que che dan
é ir ó monte buscar leña.

—¿Que lle queres ós da Virxe?
Os da Virxe son polbeiros:
unha lancha con dous remos
un cesto con dous pateiros.

—Fun a Muros pescar;
pesquei unha muradana.
Se a pesquei fixen ben,
durmín con ela na cama.

—Para cantar e bailar
vivan Louro e Lariño;
para beber pola bota,
os da Virxe do Camiño.

—Por enriba do Naraio
hai unha pistola de ouro,
para matar ós de Noia
por riba de Monte Louro.

—Indo para Monte Louro
tropecei, caín nun toxo;
adiós toxo regalado
adiós regalado toxo.

—Aí veñen os de Fisterra,
aí veñen os fisterráns,
chacudindo nas orellas
que lle pican os tabáns.



—As rapaciñas de Louro
son poucas e van a menos;
dan a catro na peseta
coma os chicharros pequenos.

—Vivan as mozas de Louro,
vivan os arruadores;
o que gastan en zapatos,
afórrano en cobertores.

—As rapaciñas de Louro,
non é unha, que son todas,
peñen dous pares de media
para ter as pernas gordas.

—En Ventín hai boas mozas,
en Louro é a flor de elas,
en Taxes, catro peladas
para cerrar as cancelas.

—Teño unha moza no Pindo,
outra no val de Barcala;
se a do Pindo é boa moza
a outra inda lle gana.

—Polo mar abaixo vai
unha lancha de vela;
é a lancha do meu pai
que vai para Redondela.

—Eu pasei por Vilariño,
por Vilariño cantando;
as nenas de Vilariño
quedan no río lavando.

—As rapaciñas de Louro
todas xuntas nunha eira;
a millor de todas elas
é María de Amoreira.

—As rapaciñas de Louro,
moito reloxo e pulsera
e no colo da camisa
piollos de cuarta e media.

—As rapaciñas de Taxes
son poucas e van a menos;
entran catro na pesetas
como xurelos pequenos.

—A Lariño, a Lariño,
a Lariño, que o dan.
As rapaciñas de Louro,
este favor, non o fan.

—Tralo cabo de Fisterra
caeume o rizón ó mar;
rapazas de Camariñas
víndemo levantar.

—O lugariño de Louro
cirqueino eu cunha liña
e agora que eu me vou
circularo ti meniña.

—Quen me dera estar agora
onde teño o pesamento:
na miña aldea de Louro
onde teño o coñecemento.



—Ó entrar aquí en Louro,
o primeiro que se ve
son as ventanas abertas
e as camas sen facer.

—Louro leva a fama
do viño e da augardente,
das rapaciñas bonitas
e dos homes valentes.

—O faro de Monte Louro
está mui achegado ó mar;
veñen os barcos de guerra
non nos poden saudar.

—Heime de casar en Louro,
en Louro cunha louriña.
Nosa Señora de Louro
ha de ser miña madriña.

—O lugariño de Louro
non é lugar que é aldea;
peseniño, paseniño,
que non hai neniña fea.

—O pobo de Louro
é pequeno e forte;
quen queira pasar por el
ten que pagar pasaporte.

—Aquí estamos os de Louro
mui dispostos e pedindo
un bo arreglo ós camiños
e mais á Fonte Cumido.

—Augas de Fonte Cumido
non llas deas a ninguén,
que as beben as de Louro,
pero eso cantan tan ben.

—As rapaciñas de Louro
ben se poden alabar:
son bonitas e ben feitas
e saladas coma o mar.

AMORÍOS

—Fun ó muíño con Paula,
fun ó muíño con ela;
fun ó muíño con Paula
e durmín nos brazos dela.

—Noelia, miña Noelia,
miña cara de cereixa;
eu quixérame levar
pero teu pai non me deixa.

—Dáme, Maruxa,
un bico pequeno.

—Non cho dou Pedriño,
que che teño medo.

—Moza que estás na ventana
retírate para dentro,
porque fas pecar ós homes
no sexto mandamento.



—Maruxiña, dáme un bico
que che hei de dar un pataco;
non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco.

—Eu quería casar;
miña nai, non teño roupa.
Casa, miña filla, casa,
que unha perna tapa a outra.

—O amor que ha de ser meu
ten que te-las pernas tortas,
a barriguiña redonda
e unha xoroba nas costas.

—Hoxe é luns e mañán martes,
e domingo logo vén;
o domingo tarda un ano
para quen amores ten.

—Anda e dille a teu pai
que che críe e que che arrole
e que che dea o leite
e que che ensine a ser home.

—Fun á herba ó Agronovo
apañeina coa présa;
olvidei os meus amores,
olvideinos, non me pesa.

—Rosiña anda descalza,
Rosiña porque quería;
a casa do zapateiro
Rosiña ben a sabía.

—Namoreime dunha moza
porque cantaba ben;
agora morro de fame:
o cantar non me mantén.

—Namorada estou dun primo,
ó mundo dou que pensar,
líbreme deste perigo
nai de Deus do Pilar.

—Naquela ventana hai luz,
alí se están deitando,
será o ben da miña vida
e eu por aquí paseando.

—Teño barcos, teño redes,
teño peixiños no mar;
teño unha nena bonita,
xa non quero traballar.

—Dixeches que me querías
para unha noite de escuro;
desta fariña non comes
aunque te volvas gorgullo.

—Esta noite hei de ir alá
neniña non teñas medo;
coa puntiña da navalla
hei de abrir o taravelo.

—O amor que ha ser meu
ha de baixar da montaña,
ha de ter cadea de ouro
na cabeceira da cama.



—Cando quixen, non quixeches;
agora queres e non quero.
Agora alábome eu
que che quería e che deixo.

—O prixel é miudiño,
bota a raíz no mollado:
O querer a quen non quere
debe ser moito traballo.

—Non te cases cun viúdo,
porque teña boa roupa;
sempre che andará dicindo
que boa muller era a outra.

—Tirei un limón polo aire
por ver se coloreaba;
subiu verde e baixou verde
o noso amor non se acaba.

—Eu caseime por un ano,
para saber como era;
o ano vaise acabando,
solteiro quen che me dera.

—Moza que vénde-las peras,
¿cantas che mandaron dar?
Para ti, meu queridiño,
non mas mandaron contar.

—Unha noite no muíño,
unha noite non é nada;
unha semana enteira
iso si que é muiñada.

—Se queres aquí, aquí;
se queres alá, alá;
se queres en cas do cura,
en cas do cura será.

—Cando paso pola túa porta
collo o pan e vou comendo,
para que non digan teus pais
que con verte me manteño.

—Arriba, arriba
non podo arrimar,
que teño os amores
na beira do mar.

—Andan dicindo teus pais
que ti para min non eres;
que che metan nunha xaula
onde non vexas mulleres.

—Ai Rosiña, Rosiña de Beiro,
ven comigo apaña-lo centeo,
o centeo, o centeo, a cebada,
ai Rosiña, miña namorada.

—Dúas vellas galdrupeiras
andaban buscando un home,
e decíalle unha a outra:
“Xa escampará se non chove”.

—Ten cuidadiño, Gerardo,
respeto ben o corpiño,
que na revolta do vento
heiche de dar un biquiño.



—O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira;
así fai a boa moza
cando non hai quen a queira.

—Queridiña, queridiña,
queridiña por che ver
teño un irmán no estudio
que me ha de ensinar a ler.

—Heime de casar cun coxo
soamente por me rir
e facerlle a cama alta
para que non poda subir.

—Unha perna teño aquí,
outra no teu tellado;
mira se che quero nena,
que ando todo escarranchado.

—Teño un amor na montaña,
teño un amor montañés;
teño un amor na montaña,
na ribeira teño tres.

—Manuel, Manueliño
Manuel feito de cera;
¡quen me dera ser o lume
que a Manuel derretera!

—O amor da costureira
era papel e mollouse;
agora costureiriña
o teu amor acabouse.

—Non te fíes dos homes
aínda que os vexas chorar,
que as súas bágoas dinche
o pago que che han de dar.

—A ríz do toxo verde
é moi mala de arrincar.
Os amoriños primeiros
son moi malos de olvidar.

CURAS

—Alá enriba
no monte de Serres
había un cura
con sete mulleres.

—O cura cando vai fóra
déixalle dito á criada:
“Veña cedo, viña tarde,
déitate na miña cama”.

—Á porta do rezador
non bóte-lo millo ó sol;
cunha man está no rosario
e coa outra enchendo o fol.

—O cura chamoume Rosa.
Eu tamén lle respondín:
“Destas rosas, señor cura,
non as hai no seu xardín”.



—O señor cura de Louro
está chorando na horta,
que lle roubaron a criada
polo burato da porta.

—O cura foi ó muíño
e caeu no tremiñado;
acudide ó voso cura
que vén todo enfedellado.

—O señor cura non baila
porque ten unha coroa;
baile, señor cura, baile
que Deus todo llo perdoa.

—Paxariño gorrión,
dime onde te-lo niño.
Na hora do señor cura,
no máis alto gamalliño.

FAMILIA

—Miña nai, miña naiciña;
coma miña nai ningunha;
que me quentou a cariña
coa calorciña da súa.

—Esta noite hei de ir ó baile
anque miña nai non queira,
anque despois cando veña
me colgue na parrumeira.

—Miña nai por me casar
ofreceume canto tiña;
agora que me casei,
doume plumas de galiña.

—Pasei pola túa porta
e mirei polo ferrollo;
a bruxa da túa nai
meteume un pau polo ollo.

—Miña nai e maila túa
foron xuntas a Padrón
e cando viñan de volta
pillounas un camión.

—Maruxiña, cando chove,
pon o neno no tellado;
o neno de Maruxiña
cando chove está mollado.

—Miña nai e maila túa
quedan no río berrando,
por culpa dunha galiña
que ten amores co galo.

—Miña nai cando peneira
todo o corpo remenea.
Ela di que non quere xenro,
eu pido a Deus que llo dea.

—Miña sogra quéreme mal
porque lle ando co fillo;
heille de decir a ela
que o garde no bolsillo.



—Miña nai e maila túa
van xuntas á romaría:
a miña vai de zapatos
e a túa de zapatillas.

—Miña nai por me casar,
meu pai por me dá-lo dote;
houbo unha pulla na casa,
meu avó furou o pote.

—Teu pai e máis túa nai
están na cama durmindo;
teu pai non sei que lle di,
túa nai quédase rindo.

—Miña nai doume unha tunda
co aro dunha peneira.
Miña nai, tende vergonza,
que aí vén a xente da feira.

—Túa nai e maila miña
van xuntas á romaría;
levan a roupa de gala,
deixan a de cada día.

—Miña nai e maila túa
van xuntas á romaría;
a miña vai de refaixo
e a túa vai de basquiña.

—Miña sogra regaloume
unha cruz para o rosario,
sabendo que co seu fillo
levaba cruz e calvario.

—Agora que vén a moda
de bota-las sogras ó mar,
miña sogra, a condenada,
está aprendendo a nadar.

—Miña nai e maila túa
foron xuntas ó muíño;
a túa cagou de medo,
a miña xa non se tiña.

—Eu quería-me casar;
miña nai dime que é cedo.
Ela como está casada
non sabe as ganas que eu teño.

OFICIOS

—Non te cases cun ferreiro
que é moi malo de lavar;
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.

—Maruxiña da Forneira,
onte túa nai coceu;
dáme un anaquiño de bola,
pola nai que te pariu.

—Os mariñeiros traballan
de noite coa luz da lúa;
dá gusto velos chegar
pola mañá cedo
cheirando a frescura.



—Maruxiña do Forneiro,
cando cozas, faime un bolo;
se mo fas, faimo de millo
que de trigo non cho como.

—O barco de Santa Regina
ten a quilla de piñeiro;
e por iso os mariñeiros
son máis borrachos có viño.

—Aí veñen, aí veñen,
aí veñen, aí van,
sardiñas fresquiñas
de pola mañán.

—O barco de Santa Regina
ten a quilla de arame;
por iso os cocifeiros
quérennos matar de fame.

—Costureira de Baíñas,
cose da balde
e mais pón as liñas.

—Costureira bonita,
dáme das túas agullas,
que eu dareiche alfileres
para prenda-las costuras.

—Bendita sexa esta casa
e o canteiro que a fixo;
por dentro ten a gloria
e por fóra o paraíso.

—Mandáronme ir coas ovellas
para o monte do Naraio;
cheguei a un sitio
e comeu o raposo un año.

—Acabáronse as vendimas,
veñen as esfoladas
para comer coas mozas
catro castañas asadas.

SANTOS E SANTAS

—Alá arriba, non sei onde
había non sei que santo;
o que gana non sei que
pagaba non sei que tanto.

—Santa Lilaina
pariu por un dedo.
Certo será,
pero eu non o creo.

—A San Antoniño lle rezo
e non lle debo rezar,
porque lle pido un Antonio
e non mo quere dar.

—Miña Santa Madalena,
miña Madalena santa;
coa auga da túa fonte
lavei a miña garganta.



—San Orente e mais San Campio
están xuntos no altar;
San Orente foi obispo
e San Campio militar.

—Nosa señora do Carme,
dádenos o vento en popa,
que sómo-los de Marín,
traémo-la vela rota.

—Nosa Señora do Loreto
ten o tellado de pedra.
Ben o podía ter de ouro
miña Virxe se quixera.

—San Benitiño do monte Redondo
hei de ir alá, miña nai, se non morro;
hei de levar unha bota de viño
para me emborrachar en San Benitiño.

—Miña santa Madalena,
miña Madalena santa;
ténde-la casa no monte
onde os paxariños cantan.

—Alá enriba naquel monte
había non sei que santo;
chamábase non sei que,
chamábase non sei canto.

—Miña Santa Madalena
a onde te foron levar:
ó bico do Monte Louro
viradiña para o mar.

—Se vas ó convento de Herbón
mira para o lado dereito;
verás ó San Benitiño
botar auga polo peito.

—Romaría de Loreto,
este ano alá vou.
Pola falta de diñeiro
moita xente se quedou.

—Alá arriba non sei onde
había non sei que santo;
por lle rezar non sei que
gañábase non sei canto.

VARIADAS

—O cantar quere ir de gracia;
o bailar quere aprender.
¡Que lindo regalo é
unha muller saber ler!

—O muíño de meu pai
eu ben lle sei o tempero:
cando está alto, baixalo
e cando está baixo, erguelo.

—A muller que capa ós homes
vive no campo de Noia.
Fuxide homiños todos
que aí vos vén a capadora.



—Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira;
unha era para min
e outra para a compañeira.

—Carmela berrou con Chindo
na carballeira de baixo,
porque lle picou un toxo
que levaba no refaixo.

—Mira Maruxiña,
mira como veño,
cunha borracheira
que xa non me teño.

—Nós de aquí e vós de alí,
somos tantos coma vós;
nós comémo-lo carneiro,
os cornos son para vós.

—Tírate do sol que queima
e da lúa que abrasa
e das linguas do mundo:
ti ben sabes o que pasa.

—O carballo da portela
ten tres carros de madeira;
un é meu e outro é teu
e outro de quen o queira.

—Carballeira de San Xunto,
carballeira derramada;
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.

—O carballo da portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o vento
nunha mañá de xiada.

—Catro cornos para o norte,
catro para o vendaval,
catro para quen marmura,
catro a quen me queira mal.

—Aí vén o maio
cargado de flores;
fixémolo os nenos
con moitas suores.

—A vella cando quenta o sol
chora, e dille un fulano:
¿Por que choras miñas vella?
Porque detrás do bo vén o malo.

—Dálle volta, dálle volta,
dálle volta ó refaixo,
que agora xa se vai vendo
quen vai quedando por baixo.

—Casadiña de tres días,
¿quen che levou a color?
Pasei polo río descalza,
e a corrente ma levou.

—Ó pasar pola túa porta
mireiche polo ferollo:
na cazola de mexar
tiñas bacalao a mollo.



—Eu caseime cunha vella;
seiça o demo me atentou.
Alá pola media noite
na cama se esforranchou.

—Pasei pola túa porta,
mirei que estabas facendo:
as papas nunha tixola,
¡ai, que muller de goberno!

—A lúa vai encuberta
nun pano de muselina.
O amor que ha de ser meu
viva o rei pola marina.

—Aí vén o entroido,
festa rachada;
os nenos de Louro
facemos foliada.

—Alá arriba, alá arriba
hai un peludo, pelado, pelón,
repicando, repicando
con dous pauíños nun tambor.

—O río cando vai cheo
leva cuncas e culleres;
tamén podía levar
ás puñeteras mulleres.

—Chamáchesme pernas tortas,
pernas tortas telas ti;
aínda o porco no cortello
fai mellor planta que ti.

—Ti rabeas pola peneira,
ti rabeas por peneirar;
ti rabeas por ter un mozo,
ti rabeas por te casar.

—Pasei pola túa porta,
tropeceiche na figueira;
outra vez que che tropece,
arde o eixe carballeira.

—Juaniña, miña Juaniña,
¿que lle fixeches ó cura
que cando che bautizou
púxoche o nome da burra?

—María, se vas á feira
cómprame un porco rabelo,
que se mo compras con rabo
non me cabe no cortello.

—Chamáchesme moreniña,
blanquiña, vaite lavar;
disme que non teño amores,
aínda chos hei de prestar.

—Chamáchesme “pouca roupa”,
tela ti, é teu proveito;
teño menos que quitar
de noite cando me deito.

—Manuel do Caravel
puxo un caravel na ventana;
veu o vento e levoullo,
¡adeus Manuel da alma!



—Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río;
despois, de eixe mollado,
canta coma un asubío.

—O río cando vai cheo
leva carballos e follas;
tamén podía levar
as linguas marmuradoras.

—Unha vella e mais un vello
fixeron unha empanada;
a vella comeuna toda
e o vello quedou sen nada.

—Sementei garabanzos
na terriña do lar;
a terra está quente,
non se quixeron dar.


—Tódolos Pepes son burros,
heinos de cargar de sal;
anda Pepe, anda burro,
anda para Portugal.

—Unha muller
do tempo de antes
fixo das tetas
un par de tirantes.

—A vida que leva o pobre
é coma a vida do grilo:
polo día, moita fame,
pola noite, moito frío.

—Eu teño un canciño,
meu irmán ten dous;
e o máis pequeniño
xa lle vai ós bois.

—O raposo está chorando
no alto de Camariñas,
que lle leven un zapatos
que lle pican as espiñas.



C.P. LOURO - MUROS



Subvencionado pola
Dirección Xeral de
Política Lingüística